



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Morfoloxía do Español	Código	613G01021	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Acin Villa, Esperanza	Correo electrónico	esperanza.acin@udc.es	
Profesorado	Acin Villa, Esperanza	Correo electrónico	esperanza.acin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Descrición e estudo do nivel morfolóxico da lingua española.</p> <p>O curso baséase no coñecemento dos diferentes procesos morfolóxicos de formación de palabras (morfoloxía léxica) e flexión (morfoloxía flexiva) do castelán: as unidades morfolóxicas, as clases de palabras, composición, derivación e outros procesos híbridos, as categorías gramaticais do castelán (xénero, número, tempo...). Os temas teóricos (sesións maxistras), deseñados para que o alumno se familiarice coa terminoloxía e os conceptos básicos da materia, irán complementados con actividades de tipo práctico. Polo tanto, o curso é basicamente de natureza teórico-práctico e basearase dende o primeiro día na resolución de problemas e o correspondente debate dirixido en torno á súa resolución.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
A19	Dominar a gramática da lingua española.
A20	Coñecer a situación sociolingüística da lingua española.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
A22	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer os métodos e conceptos básicos na análise morfolóxica do castelán.	A1 A3 A11 A19 A23		C6
Coñecer as correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística e das súas técnicas e métodos de traballo.	A1 A3 A11 A14 A23	B1 B5 B8	
Adquirir e organizar novos coñecementos (que completen os xa adquiridos) sobre o funcionamento da lingua española (especialmente no nivel morfolóxico).	A1 A3 A11 A15 A19 A20 A21		C6
Analizar a lingua castelá no seu nivel morfolóxico.	A1 A3 A11 A14 A19 A20 A21 A22 A23	B1 B3	
Saber utilizar métodos de análise lingüística na resolución de problemas formulados no nivel morfolóxico do español mediante o traballo individual e cooperativo.	A1 A2 A9 A11 A19 A23	B1 B3 B5 B6 B7	C1 C3 C5 C8



Analizar e comentar no nivel morfolóxico textos españois de diferente natureza.	A1 A2 A5 A9 A10 A17 A19 A20 A21 A22 A23	B1 B3 B4 B5 B8	C1
Achegarse sen prexuízos aos novos coñecementos sobre a análise lingüística (no nivel morfolóxico) e a diversidade lingüística do español.	A2 A11 A18 A19 A20 A21 A22	B1 B8	C4
Coñecer os principais procedementos para a formación de palabras novas e o enriquecemento do léxico (en español).	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A19 A21 A22 A23	B1 B2 B4 B8	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A morfoloxía como disciplina lingüística.	1.1. A morfoloxía na historia da lingüística. 1.2. A morfoloxía léxica e a morfoloxía flexiva. 1.3. Relación entre a morfoloxía e outras disciplinas lingüísticas.
2. As unidades morfolóxicas (1). O morfema.	2. Definición de morfema. 2.1. Procedementos de análise morfolóxica. Problemas na identificación de morfemas: Morfema, morfo e alomorfo. Morfo cero, morfo baleiro, amalgama, sincretismo, morfo discontinuo. 2.2. Clasificación dos morfemas.
3. As unidades morfolóxicas (2). A palabra.	3.1. Definicións de palabra. 3.2. Clases de palabras. 3.3. Estrutura morfolóxica da palabra.
4. A morfoloxía flexiva. Categorías gramaticais do español: categorías nominais.	4.1. Xénero. 4.2. Número. 4.3. Caso.
5. Categorías gramaticais do español: as categorías verbais.	5.1. Persoa e número. 5.2. Tempo, aspecto e modo. 5.3. Voz.



6. A morfoloxía léxica ou derivativa. A formación de palabras en español.	6.1. Procesos morfolóxicos. 6.2. Tipos de procesos morfolóxicos: 6.2.1. A adición: derivación, composición, parasíntese. 6.2.2. Outros procedementos: modificación, conversión, substracción, acurtamento, acronimia, siglas.
7. A análise morfolóxica de textos.	

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	18	18	36
Recensión bilbiográfica	1	17	18
Solución de problemas	14	14	28
Proba mixta	2	22	24
Traballos tutelados	1	20	21
Lecturas	0	14	14
Eventos científicos e/ou divulgativos	4	0	4
Actividades iniciais	3	0	3
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras desenvolveranse os contidos teóricos ou teórico-prácticos indicados na programación. Procurárase que sexa interactiva, en constante diálogo co alumnado, e acompañarase de material de diverso tipo (informático, fotocopias, etc.).
Recensión bilbiográfica	Lectura crítica dunha obra seleccionada polo profesor preferentemente entre a bibliografía recomendada.
Solución de problemas	Nas sesións interactivas e en grupo reducido presentaranse diferentes tipos de exercicios que poñan en práctica os coñecementos adquiridos ao longo do curso.
Proba mixta	Realizarase na data aprobada pola Xunta de Facultade. Terá carácter teórico-práctico.
Traballos tutelados	Dirixido polo profesor, consistirá na elaboración dun traballo de tipo teórico, teórico-práctico ou práctico sobre cuestións relacionadas co temario da materia.
Lecturas	As lecturas recomendadas de entre a bibliografía serán de carácter voluntario ou complementario (non avaliábeis directamente) salvo aquelas que se utilicen para a recensión bibliográfica (de carácter obrigatorio e avaliábeis).
Eventos científicos e/ou divulgativos	Los alumnos asistirán a los eventos científicos organizados en la facultad ?conferencias, seminarios? cuyos temas estén relacionados con la materia y la profesora considere convenientes como complemento a su formación.
Actividades iniciais	Nas primeiras sesións realizaranse actividades de presentación da materia así como de coñecemento do nivel e intereses do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Recensión bilbiográfica Traballos tutelados Lecturas	Realizarase nas horas de titoría. Centrarase na preparación e desenvolvemento do traballo tutelado ou en todo aquilo para o que o alumno solicite información.

Avaliación



Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	Terá carácter teórico-práctico en consonancia coa organización do curso. Ademais dos coñecementos e competencias adquiridas valorarase a corrección lingüística, como se sinala nas observacións.	50
Recensión bibliográfica	Terase en conta a adecuación do resumo na recensión (extensión, ideas principais) con respecto á obra salientada, a achega crítica (axeitada ao nivel do curso) e a corrección lingüística.	10
Solución de problemas	Valorarase tanto que a solución sexa a axeitada coma que tamén estea convenientemente xustificada.	25
Traballos tutelados	Valorarase a habilidade no manexo de diferentes fontes documentais (tradicionalis ou electrónicas), a capacidade de síntese, os resultados obtidos e a adecuación lingüística.	15

Observacións avaliación

Para superar a materia é necesario obter un catro (sobre 10) na proba mixta. Será cualificado como "non presentado" o alumno que non asista a esa proba. Se a cualificación da primeira oportunidade é "suspenso" ou "non presentado", na segunda oportunidade (xullo) débese recuperar a(s) parte(s) pendiente(s). Para iso o profesor propoñerá actividades de carácter similar. As probas e actividades escritas deben cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística. Por este concepto, poderá descontarse na cualificación final ata un 25% da nota.

Fontes de información

Bibliografía básica
Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Lingua Española 1/613G01001
Lingua Española 2/613G01013

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías